



*lanzadeXras*

**tema 8: marca persoal**

**módulo 30**

*necesidades*





tema 8: marca persoal

módulo 30

semana 8 | día 2

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

### ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

### ÍNDICE MODULAR

módulo 29 | melloras

módulo 30 | necesidades

módulo 31 | cambios

módulo 32 | diferenzas

### ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita  
Work

Rhianna&Drake



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ

03





tema 8: marca persoal

módulo 30

semana 8 | día 2

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Camiñar sabendo cara a onde: avanzar coñecendo o que queres alcanzar e comprender por que te dirixes cara a alí. Dirección, obxectivos e sentido. O triunbirato que focaliza o éxito das marcas persoais. Porque hoxe en día máis que marcas fortes o que existen son obxectivos claros. Así que: estás disposto a perseguir en todo momento os teus soños? Serviraste da lóxica e a loita para ir pasando fases? E vixiarás e aproveitarás todas as oportunidades que se poñan ao teu alcance? Non o esquezas: dirección, obxectivos, sentido, soños, lóxica, loita e oportunidades. Os sete factores da ambición positiva á que toda marca persoal debe aspirar. E é que, á fin e ao cabo, todos, en maior ou menor medida, necesitamos dedicar a nosa vida a loitar por un ``gran obxectivo`` e a sentir que, embarcados na súa conquista, achegamos ao mundo o noso pequeno gran de area para o progreso da humanidade.

En paralelo aos nosos soños escálanse as nosas necesidades. Para defini-las, botamos man da pirámide escrita por Abraham Maslow, que as gradúa e as xerarquiza. O primeiro que todo ser humano debe satisfacer son as súas necesidades fisiolóxicas básicas. E é que se alguén non ten que comer ou non consegue un bo nivel de descanso, dificilmente poderá ocupar a súa mente noutras preocupacións. Cubertas as necesidades básicas, os humanos procuramos alcanzar niveis adecuados de seguridade que nos reporten tranquilidade e acougo. E logrados estes,





tema 8: marca persoal

módulo 30

semana 8 | día 2

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

afanámonos en integrarnos en grupos de persoas que nos permitan incrementar a nosa sensación de pertenza, abríndonos a unha dimensión social. Agora ben, unha vez nesta, as persoas non nos conformamos co mero feito de pertencer a unha comunidade, senón que buscamos crecer dentro dela en estima e recoñecemento. É o cuarto banzo da pirámide. Pero aínda hai máis. Alcanzado un status social, o home esfórzase en incrementar a súa capacidade cognitiva, aprehendendo todos os coñecementos ao seu alcance. E coidada a súa capacidade intelectual busca tamén progresar no seu atractivo estético, equilibrando aquela máxima de ``mens sana in corpore sano´´. Por último, cubertas todas as súas necesidades tanxibles, o home preocúpase en dar resposta ás cuestións máis transcendentais que buscan coñecer o sentido da súa vida e da súa existencia.

Es consciente de en que banzo estás e de que necesidades buscas satisfacción?



tema 8: marca persoal

módulo 30

semana 8 | día 2

lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría

*exemplo*



## ANXO PÉREZ - 8BELTS

Entre a súa experiencia pode contar o traballar para o FBI e a ONU; o ser intérprete de Barack Obama; o ser actor, cantante e concertista ata en nove países, tantos como os idiomas que fala e os instrumentos musicais que toca.

Con cinco carreiras universitarias e tras longos anos de estudo e esforzo, creou un método único que garante falar un idioma en menos de oito meses, proxecto que o fixo merecedor, entre outros, do Premio Emprendedores de Deloitte en 2013; do Premio Ciudadán Europeo en 2013; do Premio Ciudadán Europeo en 2014; do Premio Emprendedor do Ano en 2015 e do Premio á Mellor Traxectoria Profesional polo Estado de Ohio en 2016.



*a hemeroteca de Paula*





tema 8: marca persoal

módulo 30

semana 8 | día 2

# lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

## videotutorial

### ALESS GIBAJA

<https://www.youtube.com/watch?v=NBzfs3-8Vg>



a videoteca de Alba

O produto é aquilo que pode ofrecer unha marca para satisfacer unha serie de necesidades ou desexos.

Aless Gibaja consolidou un produto persoal que difunde a través das redes e da participación en diversos medios de comunicación, chegando a convertelo no seu emprego e denominándose a si mesmo un ``coach da felicidade``. Así, o produto que vende é a transmisión de felicidade a quen o siga.

Agora ben. Para desenvolver o seu potencial debe anticipar os desexos do consumidor e ir mellorando e aumentando a súa capacidade.

